



LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA PRESTAR SERVIZOS EN CALQUERA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 10 DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO OU, SE FORA O CASO, POLO ARTIGO 15 DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES (BOP núm. 079, do 06.04.2020. Corrección de erros bases xerais BOP núm. 161, do 15.07.2020)

Ante o forte repunte da incidencia da pandemia a nivel xeral; á vista do Decreto da presidencia da Deputación Provincial de Lugo polo que se establecen determinadas medidas organizativas que afectan o persoal da Deputación de Lugo, co obxecto de protexer a saúde dos/as empregados/as públicos/as e das persoas aspirantes, suspéndese, ata novo aviso, a reunión do Tribunal e a celebración das correspondentes entrevistas curriculares do proceso selectivo para a creación dunha listaxe de emprego temporal de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola, cuxa realización estaba fixada para este mércores día 20 de xaneiro.

A nova data para levar a cabo a valoración dos méritos acreditados polos aspirantes e a realización das entrevistas farase pública a través da páxina web da Entidade e no taboleiro de anuncios da mesma.

Esta decisión enmárcase no conxunto de medidas que dende esta institución estanse a levar a cabo para reforzar a prevención e a protección da saúde dos traballadores e traballadoras da Deputación Provincial e tamén da cidadanía.

A secretaria do Tribunal

	IV7HWTKZHXXKYSWD23WUAM7VN4	Fecha y Hora	19/01/2021 14:40:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HWTKZHXXKYSWD23WUAM7VN4	Página	1/1

